



# CONCELLO DE LAXE (A Coruña)

Avda. Cesáreo Pondal, 26 - C.P. 15117 - Teléfono 981 706 903  
Telefax 981 728 025 - E-mail: correo@laxe.dicoruna.es

## CERTIFICADO

Froilán Pallín Seco, secretario do Concello de Laxe (A Coruña)

## CERTIFICO:

Que o Pleno da Coporación deste concello, en sesión realizada o día catorce de decembro de dous mil nove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que copiado literalmente di:

### **8.-APROBACION DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS MUNICIPAIS DESTA CORPORACION CON REFERENCIA O 1 DE XANEIRO DE 2008.**

*Sometese a aprobación deste órgano municipal o inventario de bens e dereitos municipais desta corporación confeccionado con referencia ó 1 de xaneiro de 2008, tendo obtido a oportuna información os sres. concelleiros que o solicitaron.*

*Iniciado o debate deste punto, prodúcense as seguintes intervencións:*

*1. Do concelleiro de IXL., sr. Pérez Añón, que manifesta que da información obtida previa a este debate se lle dixo que dito inventario foi revisado por funcionarios municipais que estima teñen coñecemento do tema, e que, polo tanto, non ten ren que dicir sobre o particular, preguntando deseguido si hai máis bens dos que había. Por último pide se lle facilite unha copia dos bens actuais.*

*2. Polo funcionario que subscribe, a instancia da presidencia, se informa que os que bens son os que existían aínda que agora actualizouse incluíndose todos os que posúe o concello en dito inventario. Tamén se fai saber que tal actualización do inventario de bens levouse a cabo por unha empresa contratada pola Deputación Provincial e con cargo aos fondos deste último ente provincial, todo elo con motivo da II fase de elaboración de inventarios de bens dos concellos da provincia da Coruña, entre os que estaba incluído o de Laxe.*

*No intre do debate deste punto, tamén piden se lles facilite una copia do inventario os membros do Grupo do PP. e o concelleiro de Terra Galega.*

*Ö non producirse máis intervencións, o sr. alcalde plantexa a votación de aprobación deste punto da orde do día, deducindo a mesma o seguinte resultado:*

*- Abstencións: Catro (4), duas (2), dos concelleiros do Grupo do PP., unha (1), do concelleiro do Grupo de Terra Galega, e unha (1) do concelleiro de IXL.*

*- Votos a favor: Cinco (5), dos concelleiros do Grupo do PS. de G.-PSOE.*

*Consonte co anterior, adóptase o seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.-Aproba-lo Inventario de bens e dereitos da Corporación, confeccionado con referencia á data do 1 de xaneiro de 2008 e que, en resume, queda como segue:*

### **RESUMEN POR EPÍGRAFES**



		<b>Valor Adquisición</b>	<b>Valor Neto</b>
<b>Epígrafe 1: Inmobles</b>		<b>9.600.300,68</b>	<b>8.999.933,15</b>
11090	Patrimonio entregado ao uso xeral	5.660.699,56	5.660.699,56
12200	Soares con edificación	319.919,52	319.919,52
12201	Fincas rústicas	106.558,51	106.558,51
12209	Outros terreos	166.196,35	166.196,35

12210	Edifizos industriais	36.600,00	25.244,98
12211	Edifizos administrativos	908.949,05	505.949,73
12212	Edifizos comerciais	327.158,40	294.693,53
12213	Outras construcións	705.020,00	622.860,77
12221	Infraestructuras saneamento	194.625,00	194.625,00
12222	Infraestructuras abastecemento	949.313,77	877.924,67
12223	Infraestructuras alumado	225.260,52	225.260,52
<b>Epígrafe 5: Vehículos</b>		<b>244.312,93</b>	<b>67.745,39</b>
52280	Elementos de transporte	244.312,93	67.745,39
<b>Epígrafe 7: Mobles</b>		<b>1.417.432,01</b>	<b>751.653,85</b>
72230	Maquinaria	215.158,21	78.508,88
72240	Utilería	28.459,01	549,46
72260	Mobiliario	483.081,02	221.536,56
72270	Equipos procesos información	185.372,82	80.874,74
72290	Outro inmovilizado material	505.360,95	370.184,22
<b>TOTAL</b>		<b>11.262.045,62</b>	<b>9.819.332,39</b>

SEGUNDO.-Que se teña en conta polos servizos administrativos do negociado de intervención/contabilidade para os efectos que procedan.

TERCEIRO.--Que se remita copia do inventario á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, segundo dispón o artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

E para que conste e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, expido a presente certificación en Laxe o catorce de decembro de dous mil nove.



Visto e prace  
O alcalde

Antonio Carracedo Sacedón